

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2018-2019

Materias:

- **MATEMÁTICAS 1º ESO (LOMCE)**

Membros do Departamento:

- **Alfredo Couto Gómez**
- **Mª José Begoña Álvarez Paredes**
- **Beatriz Paderne Cebey**
- **Manuel Vilariño Freire**
- **Belén García Díaz**
- **Jesús Álvarez Arias**

INDICE		
1	Conceptos clave da programación	3
2	Contexto	4
	Características do centro e do alumnado.	
	Obxectivos adaptados ao contexto	
3	Secuenciación e temporalización dos contidos 1º ESO	6
	Secuenciar e temporalizar os contidos por unidades e /ou proxectos	
4	1ºESO Relacionar para cada unidade:	9
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	
	Establecer para cada estándar:	8
	Grao mínimo de consecución, Peso na cualificación, Instrumentos de avaliación, Temas transversais	
5	Metodoloxía didáctica:	15
	Estratexias metodolóxicas	
	Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos	
6	Avaliación	17
	Avaliación inicial	
	Procedemento para a avaliación inicial	
	Criterios para a acreditación de coñecementos previos, no seu caso. (Bacharelato)	
	Avaliación continua	
	Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar	
	Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc.	
	Elaboración da nota media	
	Recuperación dunha proba ou exame	
	Recuperación dunha avaliación	
	Avaliación final (ESO- BACH)	
	Quen debe ir á avaliación final?	
	En que consistirá a proba?	
	Que estándares sa van a avaliar?: os das avaliacións pendentes, todos, ...	
	Como se elabora a cualificación final?: Ponderación, redondeos, etc?	
	Que criterios segue o centro para a promoción?	
	Avaliación extraordinaria (ESO- BACH)	
	Procedementos para a avaliación extraordinaria: características da proba escrita	
	Materias pendentes de cursos anteriores	
	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes: Traballo, probas, etc.	
	Criterios de cualificación: valoración de traballos, probas escritas, outras.	
7	Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	20
	Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino	
	Indicadores de logro da práctica docente	
8	Avaliación da programación didáctica	21
	Indicadores de logro sobre a programación didáctica	
9	Atención á diversidade	22
	Medidas ordinarias: Organizativas	
	Medidas ordinarias: Curriculares	
	Medidas extraordinarias: Organizativas	
	Medidas extraordinarias: Curriculares	
10	Actividades complementarias e extraescolares	24
	Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.	
11	Datos do departamento	24

1.- CONCEPTOS CLAVE (Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)	
Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliábeis. Poden concretarse a través dos indicadores de logro
Criterios de cualificación	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. (O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superara a materia (Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. (Galicia non os menciona)
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o "o valor" que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fiixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . "Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente" (Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a
OUTROS ASPECTOS	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015)
Avaliación das competencias	"A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Artº 7º,3 da Orde ECD 65/2015)
Nivel de desempeño das competencias.	... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1 : B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque
Identificación de estándares	Exemplo: MAT B1.1 .2 MAT: Abreviatura da área: Matemáticas B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

2.- Contexto

1.- Contexto do centro

* Características do centro:

Situación

R/ Orquídea, 45
27004-Lugo

Centros adscritos

CEIP de Casás
CEIP Menéndez Pelayo

Ensinanzas que oferta o centro

ESO / Bacharelato

Características singulares

O centro está situado nunha zona periférica da cidade, de contorna socioeconómica media-baixa con abundancia de vivendas sociais.

* Características do alumnado:

Lingua materna dominante

Castelán e galego.

Alumnado con NEAE no curso actual

- 10 alumnos en agrupamentos flexibles, 8 dos cales teñen ACs.
- Agás unha alumna repetidora, este alumnado ven con informes dos centros de primaria de procedencia, onde xa tiñan ACs, tendo repetido algún curso a meirande parte deles e mesmo inician a educación secundaria con materias suspensas.
- Varios acuden a aula de pedagogía terapéutica. Están exentos de francés.
- 3 alumnos con TDAH
- 1 alumno con dislexia e dislalias.

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

Casos illados de alumnado con familias desestructuradas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos.

Outras características

Poboación de etnia xitana: unha altísima porcentaxe non adoita rematar a ESO.

Poboación inmigrante: número non relevante de alumnos/as, en xeral ben integrados.

2.- Obxectivos da ESO (adaptados ao contexto do centro e do alumnado):

1	a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2	b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3	c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4	d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5	e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
6	f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7	g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8	h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9	i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10	l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
11	m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
12	n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
13	ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
14	o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos 1º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación		
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesiões			
1ª Avaliac.		B2	BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA						
	1	B2.7	Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.	1	Set / Out/ Nov / Dec		x		
		B2.8	Xerarquía das operacións.						
		B2.9	Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.						
		B2.6	Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.						
		B2.14	Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.						
	2	B2.10	Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade.	2			x		
		B2.11	Números primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos.						
		B2.12	Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais.						
	3	B2.1	Números negativos: significado e utilización en contextos reais.	3			x		
		B2.2	Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora.						
		B2.6	Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.						
		B2.8	Xerarquía das operacións.						
	4	B2.9	Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.	4			x		
		B2.3.	Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.						
		B2.5	Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.						
		B2.13	Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.						
		B2.8	Xerarquía das operacións.						
	2ª Avaliac.	5	B2.4.	Números decimais: representación, ordenación e operacións.			5	Ene / Feb / Mar	x
			B2.5	Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.					
B2.8			Xerarquía das operacións.						
6		B2.9	Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.	6	x				
		B2.18	Iniciación á linguaxe alxébrica.						
		B2.19	Tradución de expresións da linguaxe cotiá, que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa.						
		B2.20	Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo: números triangulares, cadrados, pentagonais, etc.						
		B2.21	A linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica.						
8		B2.22	Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita (métodos alxébrico e gráfico). Resolución. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas.	8	x				
		B2.15	Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.						

3ª Avaliac.		B2.16.	Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.					
		B2.17	Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou variacións porcentuais. Repartición directamente proporcional.					
		B3	XEOMETRÍA					
	9		B3.1.	Elementos básicos da xeometría do plano. Relacións e propiedades de figuras no plano: paralelismo e perpendicularidade.	9			x
			B3.2	Ángulos e as súas relacións.				
			B3.3	Construcións xeométricas sinxelas: mediatriz e bisectriz. Propiedades				
			B3.6	Medida e cálculo de ángulos de figuras planas.				
	10	11	B3.4	Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais.	10/11			x
			B3.5	Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relacións.				
			B3.6	Medida e cálculo de ángulos de figuras planas.				
			B3.8	Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares.				
			B3.11	Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.				
	12		B3.7	Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Cálculo de áreas por descomposición en figuras simples.	12	Abr/ Mai / Xun		x
			B3.8	Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares.				
B3.9			Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos e clasificación. Áreas e volumes.					
B3.10			Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico.					
B3.11			.Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.					
	B4	FUNCIÓNS						
13		B4.1	Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados.	13			x	
		B4.2	Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula).					
		B4.3	Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.					
		B4.4	Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.					
	B5	ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE						
14		B5.1	Poboación e individuo. Mostra. Variables estatísticas.	14			x	
		B5.2	Variables cualitativas e cuantitativas.					
		B5.3	Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas.					
		B5.4	Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.					
		B5.5	Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias.					
		B5.6	Medidas de tendencia central.					
		B5.7	Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes.					
		B5.8	Fenómenos deterministas e aleatorios.					
		B5.9	Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación.					
		B5.10	Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación.					
		B5.11	Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.					
		B5.12	Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos.					
		B5.13	Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.					

Tal e como establece o propio currículo desta materia no Decreto 86/2015, o bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é un bloque transversal que irá incorporado en todos os demais bloques e, polo tanto, os seus contidos están presentes en todos os temas do resto de bloques, polo que en si mesmos non constitúen unha unidade didáctica. Esta transversalidade será o principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais.

Bloque	CONTIDO
B1	PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS
B1.1	Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.
B1.2	Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.
B1.3	Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.
B1.4	Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.
B1.5	Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.
B1.6	Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.
B1.7	Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.

1º ESO
4.- Relacionar aspectos curriculares para cada unidade

1ª Aval

Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro (1) **Critérios de cualificación e instrumentos de avaliación** **Temas transversais**

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos						Temas transversais										
								Prob. esc.	Prob. oral	Trabind	Trabgrup	Cad. Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV			
1	B2.6	B2.1	MAB2.1.1.	CMCCT	Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	90%	5%	90%					5%		5%	x								
			MAB2.1.2	CMCCT	Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	90%	15%	90%					5%		5%	x								
			MAB2.1.3.	CMCCT	Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.	90%	15%	90%					5%		5%	x								
	B2.7	B2.2	MAB2.2.1	CMCCT	Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.	90%	15%	90%					5%		5%	x								
			MAB2.2.4	CMCCT	Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.	90%	20%	90%					5%		5%	x								
	B2.8	B2.2	MAB2.2.8	CMCCT	Utiliza a notación científica, e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.	90%	5%	90%					5%		5%	x								
			MAB2.4.1	CMCCT	Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.	90%	5%	90%					5%		5%	x								
			MAB2.4.2	CMCCT	Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.	90%	20%	90%					5%		5%	x								
2	B2.10	B2.2	MAB2.2.1	CMCCT	Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.	90%	25%	90%					5%		5%	x								
			MAB2.2.2	CMCCT	Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégalos en exercicios, actividades e problemas contextualizados.	90%	25%	90%					5%		5%	x								
			MAB2.2.3	CMCCT	Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado, e aplica problemas contextualizados.	90%	25%	90%					5%		5%	x								
	B2.12	B2.4	MAB2.4.1	CMCCT	Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.	90%	25%	90%					5%		5%	x								
3	B2.1	B2.2	MAB2.1.1.	CMCCT	Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	90%	5%	90%					5%		5%	x								

B2.2 B2.6 B2.8 B2.9	MAB2.1.2	CMCCT	Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	90%	10%	90%				5%	5%	x							
	MAB2.1.3.	CMCCT	Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.	90%	20%	90%				5%	5%	x							
	MAB2.2.1	CMCCT	Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.	90%	15%	90%				5%	5%	x							
	MAB2.2.4	CMCCT	Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.	90%	5%	90%				5%	5%	x							
	MAB2.2.5	CMCCT	Calcula e interpreta adecuadamente o oposto e o valor absoluto dun número enteiro, comprendendo o seu significado e contextualizándoo en problemas da vida real.	90%	5%	90%				5%	5%	x							
	B2.3	MAB2.3.1	CMCCT	Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.	90%	20%	90%				5%	5%	x	x					
	B2.4	MAB2.4.1	CMCCT	Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.	90%	5%	90%				5%	5%	x						
		MAB2.4.2	CMCCT	Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.	90%	15%	90%				5%	5%	x						
4 B2.3 B2.5 B2.8 B2.9 B2.13	MAB2.1.1.	CMCCT	Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	90%	5%	90%				5%	5%	x							
	B2.1	MAB2.1.2	CMCCT	Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	90%	15%	90%				5%	5%	x						
		MAB2.1.3.	CMCCT	Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.	90%	15%	90%				5%	5%	x						
	B2.5	MAB2.2.1	CMCCT	Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.	90%	15%	90%				5%	5%	x						
	B2.2	MAB2.2.4	CMCCT	Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.	90%	5%	90%				5%	5%	x						
		MAB2.2.7	CMCCT	Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas	90%	10%	90%				5%	5%	x						
	B2.3	MAB2.3.1	CMCCT	Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.	90%	15%	90%				5%	5%	x	x					
	B2.4	MAB2.4.1	CMCCT	Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.	90%	5%	90%				5%	5%	x						
MAB2.4.2		CMCCT	Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.	90%	15%	90%				5%	5%	x							

1º ESO
4.- Relacionar aspectos curriculares para cada unidade

2ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais										
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. critéri	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos							Temas transversais								
								Prob. esc.	Prob. oral	Trab. ind.	Trab. grup.	Cad. Cla.	Rúb. (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV		
5	B2.4	B2.1	MAB2.1.1.	CMCCT	Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	90%	5%	90%					5%		5%	x							
			MAB2.1.2.	CMCCT	Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	90%	15%	90%					5%		5%	x							
			MAB2.1.3.	CMCCT	Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.	90%	15%	90%					5%		5%	x							
	B2.5	B2.2	MAB2.2.6	CMCCT	Realiza operacións de redondeo e truncamento de números decimais, coñecendo o grao de aproximación, e aplícao a casos concretos	90%	15%	90%					5%		5%	x							
			MAB2.2.7	CMCCT	Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas	90%	15%	90%					5%		5%	x							
	B2.9	B2.3	MAB2.3.1	CMCCT	Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.	90%	15%	90%					5%		5%	x	x						
			MAB2.4.1	CMCCT	Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.	90%	10%	90%					5%		5%	x							
			MAB2.4.2	CMCCT	Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.	90%	10%	90%					5%		5%	x							
6	B2.18 B2.19 B2.20 B2.21 B2.22	B2.6	MAB2.6.1	CMCCT	Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas.	90%	20%	90%					5%		5%	x							
			MAB2.6.2	CMCCT	Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésasas mediante a linguaxe alxébrica e utilízalas para facer predicións.	90%	20%	90%					5%		5%	x							
		B2.7	MAB2.7.1	CMCCT	Comproba, dada unha ecuación, se un número é solución desta.	90%	30%	90%					5%		5%	x							
			MAB2.7.2	CMCCT	Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro grao, resólvea e interpreta o resultado obtido.	90%	30%	90%					5%		5%	x	x						
8	B2.15 B2.16 B2.17	B2.5	MAB2.5.1	CMCCT	Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégasas para resolver problemas en situacións cotiás.	90%	100%	90%					5%		5%	x							
9	B3.1 B3.2 B3.3 B3.6	B3.1	MAB3.1.1	CMCCT	Recoñece e describe as propiedades características dos polígonos regulares (ángulos interiores, ángulos centrais, diagonais, apotema, simetrías, etc.).	90%	20%	90%					5%		5%	x							
			MAB3.1.3	CMCCT	Clasifica os cuadriláteros e os paralelogramos atendendo ao paralelismo entre os seus lados opostos e coñecendo as súas propiedades referentes a ángulos, lados e diagonais.	90%	20%	90%					5%		5%	x							
		B3.2	MAB3.2.1	CMCCT	Resolve problemas relacionados con distancias, perímetros, superficies e ángulos de figuras planas, en contextos da vida real, utilizando as ferramentas tecnolóxicas e as técnicas xeométricas máis apropiadas	90%	30%	90%					5%		5%	x							
			MAB3.2.1	CMCCT	Resolve problemas relacionados con distancias, perímetros, superficies e ángulos de figuras planas, en contextos da vida real, utilizando as ferramentas tecnolóxicas e as técnicas xeométricas máis apropiadas	90%	30%	90%					5%		5%	x							

1º ESO
4.- Relacionar aspectos curriculares para cada unidade

3ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais										
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criteri	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos							Temas transversais								
								Prob .esc.	Prob oral	Trabi nd	Trabg rup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV		
10 11	B3.4 B3.5 B3.6 B3.8 B3.11	B3.1	MAB3.1.1	CMCCT	Recoñece e describe as propiedades características dos polígonos regulares (ángulos interiores, ángulos centrais, diagonais, apotema, simetrías, etc.).	90%	20%	90%					5%		5%	X							
			MAB3.1.2	CMCCT	Define os elementos característicos dos triángulos, trazando estes e coñecendo a propiedade común a cada un deles, e clasifícaos atendendo tanto aos seus lados como aos seus ángulos.	90%	20%	90%					5%		5%	X							
			MAB3.1.3	CMCCT	Clasifica os cuadriláteros e os paralelogramos atendendo ao paralelismo entre os seus lados opostos e coñecendo as súas propiedades referentes a ángulos, lados e diagonais.	90%	20%	90%					5%		5%	X							
			MAB3.1.4	CMCCT	Identifica as propiedades xeométricas que caracterizan os puntos da circunferencia e o círculo.	90%	20%	90%					5%		5%	X							
		B3.2	MAB3.2.1	CMCCT	Resolve problemas relacionados con distancias, perímetros, superficies e ángulos de figuras planas, en contextos da vida real, utilizando as ferramentas tecnolóxicas e as técnicas xeométricas máis apropiadas	90%	20%	90%					5%		5%	X							
12	B3.6 B3.7 B3.8	B3.2	MAB3.2.1	CMCCT	Resolve problemas relacionados con distancias, perímetros, superficies e ángulos de figuras planas, en contextos da vida real, utilizando as ferramentas tecnolóxicas e as técnicas xeométricas máis apropiadas	90%	25%	90%					5%		5%	X							
			MAB3.2.2	CMCCT	Calcula a lonxitude da circunferencia, a área do círculo, a lonxitude dun arco e a área dun sector circular, e aplícaas para resolver problemas xeométricos.	90%	20%	90%					5%		5%	X							
	B3.9	B3.3	MAB3.3.1	CMCCT	Analiza e identifica as características de corpos xeométricos, utilizando a linguaxe xeométrica axeitada.	90%	10%	90%					5%		5%	X	X						
			MAB3.3.2	CMCCT	Constrúe seccións sinxelas dos corpos xeométricos, a partir de cortes con planos, mentalmente e utilizando os medios tecnolóxicos axeitados.	90%	10%	90%					5%		5%	X							
			MAB3.3.3	CMCCT	Identifica os corpos xeométricos a partir dos seus desenvolvementos planos e reciprocamente.	90%	10%	90%					5%		5%	X							
B3.10 B3.11	B3.4	MAB3.4.1	CMCCT	Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica adecuadas.	90%	25%	90%					5%		5%	X	X							
13	B4.1	B4.1	MAB4.1.1	CMCCT	Localiza puntos no plano a partir das súas coordenadas e nomea puntos do plano escribindo as súas coordenadas.	90%	10%	90%					5%		5%	X							
	B4.2.	B4.2.	MAB4.2.1	CMCCT	Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras e elixe a máis adecuada en función do contexto.	90%	10%	90%					5%		5%	X	X						
	B4.2	B4.3	MAB4.3.1	CMCCT	Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función	90%	10%	90%					5%		5%	X							
	B4.3 B4.4	B4.4	MAB4.4.1	CMCCT	Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente.	90%	20%	90%					5%		5%	X							
			MAB4.4.2	CMCCT	Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores.	90%	20%	90%					5%		5%	X							
			MAB4.4.3	CMCCT	Escribe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes e represéntaa.	90%	20%	90%					5%		5%	X							
			MAB4.4.4	CMCCT	Estuda situacións reais sinxelas e, apoiándose en recursos tecnolóxicos, identifica o modelo matemático funcional (lineal ou afín) máis axeitado para explicalas, e realiza predicións e simulacións sobre o seu comportamento.	90%	10%	90%					5%		5%	X							
14	B5.1 B5.2 B5.3	B5.1	MAB5.1.1	CMCCT	Comprende o significado de poboación, mostra e individuo desde o punto de vista da estatística, entende que as mostras se empregan para obter información da poboación cando son representativas, e aplícaos a casos	30%	10%	90%					5%		5%	X	X						

B5.4				concretos.																
B5.5		MAB5.1.2	CMCCT	Recoñece e propón exemplos de distintos tipos de variables estatísticas, tanto cualitativas como cuantitativas.	30%	10%	90%				5%		5%	X	X					
B5.6		MAB5.1.3	CMCCT	Organiza datos obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas e acumuladas, e represéntaos graficamente.	30%	10%	90%				5%		5%	X						
		MAB5.1.4	CMCCT	Calcula a media aritmética, a mediana (intervalo mediano) e a moda (intervalo modal), e emprégao para interpretar un conxunto de datos elixindo o máis axeitado, e para resolver problemas.	30%	10%	90%				5%		5%	X						
		MAB5.1.5	CMCCT	Interpreta gráficos estatísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá.	30%	10%	90%				5%		5%	X	X					
B5.4	B5.2	MAB5.2.1	CMCCT	Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estatísticos e calcular as medidas de tendencia central.	30%	5%	90%				5%		5%	X						
B5.5		MAB5.2.2	CMCCT	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada.	30%	5%	90%				5%		5%	X						
B5.6	B5.3	MAB5.3.1	CMCCT	Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas.	30%	5%	90%				5%		5%	X						
B5.7		MAB5.3.2	CMCCT	Calcula a frecuencia relativa dun suceso mediante a experimentación.	30%	5%	90%				5%		5%	X						
B5.8		MAB5.3.3	CMCCT	Realiza predicións sobre un fenómeno aleatorio a partir do cálculo exacto da súa probabilidade ou a aproximación desta mediante a experimentación.	30%	5%	90%				5%		5%	X	X					
B5.9	B5.4	MAB5.4.1	CMCCT	Describe experimentos aleatorios sinxelos e enumera todos os resultados posibles, apoiándose en táboas, recontos ou diagramas en árbore sinxelos.	30%	10%	90%				5%		5%	X	X					
B5.10		MAB5.4.2	CMCCT	Distingue entre sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.	30%	5%	90%				5%		5%	X						
B5.11		MAB5.4.3	CMCCT	Calcula a probabilidade de sucesos asociados a experimentos sinxelos mediante a regra de Laplace, e exprésaa en forma de fracción e como porcentaxe.	30%	10%	90%				5%		5%	X						
B5.12																				
B5.13																				

Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso** na cualificación	Instrumentos					Temas transversais												
								Pr.oral	Pr.escr	Tr.ind	Tr. grupo	Cader no	Rúbrica (2)	Observación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV				
PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	B1.1	B1.1	MAB1.1.1	CMCCT/CCL	Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.		10%					5%		5%	x	x									
	B1.2	B1.2	MAB1.2.1	CMCCT	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).								5%		5%	x									
	B1.2	B1.3	MAB1.3.1	CMCCT/CCEC	Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.								5%		5%	x									
	B1.3	B1.4	MAB1.4.1	CMCCT	Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.								5%		5%										
	B1.4	B1.5	MAB1.5.1	CMCCT/CCL	Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).								5%		5%		x								
	B1.5	B1.6	MAB1.6.4	CMCCT	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.								5%		5%										
			MAB1.6.5	CMCCT	Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.									5%		5%									
	B1.5	B1.7	MAB1.7.1	CMCCT/CAA/CSC	Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.								5%		5%								x		
	B1.5	B1.8	MAB1.8.1	CMCCT/CSIEE/CSC	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).								5%		5%							x	x		
			MAB1.8.4	CMCCT/CAA/CCEC	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.									5%		5%									
	B1.6	B1.10	MAB1.10.1	CMCCT/CAA	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.								5%		5%										
	B1.7	B1.11	MAB1.11.4	CMCCT	Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.								5%		5%										
MAB1.11.5			CMCCT	Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.								5%		5%	x										

Todas as porcentaxes que figuran como pesos de cualificación nos distintos instrumentos de avaliación son orientativas. O profesorado deberá seguir estas porcentaxes a modo orientativo, pero en ningún caso son porcentaxes pechadas.

A resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29 de xullo) non establece que nas programacións didácticas se deba establecer o peso na cualificación que terá cada estándar de aprendizaxe, polo que as que aquí figuran son só a título orientativo.

LEENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LEENDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar "indicadores de logro" máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,..

5.- Metodoloxía

1.- Estratexias metodolóxicas

1. Aspectos xerais

Posibles aspectos:

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxías activas:
 - Combinar traballo individual e cooperativo
 - Aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador do profesor/a
- O peso cualificativo será orientativo e dependerá das características e necesidades do alumnado

2. Estratexias metodolóxicas

Posibles estratexias:

- Memorización comprensiva
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa,...
- Elaboración de sínteses
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos
- Comentarios de textos, gráficos, mapas
- Resolución de problemas
- Estudo de casos (proxectos)
- Simulacións

3. Secuenciación habitual de traballo na aula

Posible secuencia:

Motivación:

- Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de textos
- Análise de documentos, pequenas investigación, etc.
- Resposta a preguntas
- Resolución de problemas
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficas, sínteses, mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, (Rúbricas)
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

2.- Outras decisión metodolóxicas

1.- Agrupamentos específicos.

É unha medida que ten como obxectivo axudar a superar as matemáticas de 1º de ESO a un grupo de alumnos/as con menor ritmo de aprendizaxe que teñen dificultades para acadar os obxectivos mínimos. É fundamental adaptar os contidos e a metodoloxía o alumnado co que se vai a traballar, o enfoque metodolóxico deberá ser en base a proxectos de traballo nos que prime o carácter práctico dos contidos. Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.

CONTIDOS: Son os correspondentes ó grupo ordinario.

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN:

O alumnado destes agrupamentos necesita un cambio metodolóxico substancial, polo que o enfoque metodolóxico deberá ser en base a proxectos de traballo nos que prime o carácter práctico dos contidos.

Para a elaboración dos criterios de avaliación do alumnado que reciba esta medida de apoio ás aprendizaxes básicas teranse en conta os criterios establecidos con carácter xeral para o grupo de referencia relacionados cos contidos mínimos anteriormente expostos.

Por último, entendemos que a metodoloxía, contidos e actividades debe adaptarse ós alumnos/as concretos cos que se vai a traballar.

2. Tempos

En total, (de momento), son 10 alumnos repartidos da seguinte maneira:

- Dous grupos 1ºA+B e 1ºC+D (5 + 5), 10 alumnos en dúas aulas separadas do grupo de referencia as 5 horas da semana. Destes 10 alumnos temos varios que precisan unha atención especial posto que o seu nivel académico é moi baixo. Destes 10 alumnos varios precisan adaptación curricular individualizada por presentar problemas de atraso académico. Estes alumnos están 1 hora a semá en clase, cos anteriores e as outras 4 horas reciben clases de apoio noutra aula, por persoal especializado en pedagogía terapéutica (Departamento de Orientación), que colabora co equipo educativo nas adaptacións significativas do currículo.

3. Espazos

Dúas aulas separadas do grupo de referencia.

4. Materiais

Libro de texto, material entregado polo profesor, ordenador, calculadora. etc.

5. Recursos didácticos

Libro de texto: 1ºESO Matemáticas, serie RESUELVE. Ed. SANTILLANA.

Aula virtual: Non.

6.- AVALIACIÓN

Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

1. Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará?

A ser posible realizarase na primeira semana do curso.

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?)

Consistirá nunha proba escrita con varios exercicios de niveles dos cursos anteriores.

Cales serán as consecuencias dos resultados?

As consecuencias serán:

A avaliación inicial dos alumnos/as inclúe un diagnóstico do punto de partida en coñecementos, hábitos e procedementos de traballo, así como das actitudes que amosan. Isto permite comprobar se os alumnos/as están en disposición de aprender o programado, ou reformular, no seu caso, os obxectivos, adaptar os contidos e adaptar o ritmo da aula os niveles dos alumnos.

3.- Procedemento avaliación continua

Con que temporalización se farán probas escritas(cada tema, dous, tres, cántas por trimestre ou avaliación, etc.?)

Faranse probas escritas ca seguinte frecuencia:

En 1º ESO cada tema ou dous temas dependendo das necesidades do alumnado.

E sempre se fará un exame de recuperación por avaliación. Unhas veces antes da entrega das notas e outras a volta das vacacións.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación. Ponderación, redondeo, ...

Os exames califícanse da seguinte maneira:

As probas escritas levan no exame a puntuación de cada apartado.

Por último facer constar que os distintos exames que se fagan ó longo do curso serán ensinados os alumnos despois de ser corrixidos e informarse da valoración realizada e criterios de avaliación aplicados.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

Para cada avaliación farase un exame ou varios e posteriormente a media entre os distintos exames. Se a media fose inferior a 5 o alumno deberá repetir as partes que o profesor considere oportunas. Asemade na(s) parte(s) en que a cualificación fose inferior a 3, será a xuízo de cada profesor a repetición obrigatoria ou non de esa(s) parte(s). A recuperación da avaliación podería ser antes da entrega de notas se a situación o permitise.

As notas dos exames de recuperación substitúen as notas suspensas, para obter a nota definitiva, que entrará no cálculo da nota da avaliación.

Para obter a nota da avaliación, as cualificacións obtidas serán ponderadas segundo a súa importancia relativa dentro do seguinte baremo:

❖ **Probas obxectivas: 90%**

❖ **Actividades, actitude e participación: 10%**

O alumno considérase aprobado si dita nota é igual ou superior a cinco (aplicando redondeo matemático)

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

- Actitude.

- Participación.
- Traballo.

Como se recupera unha avaliación non superada?

8	B3.1 B3.2	B3.1	B3.1.1	CMCCT	MACB3.1.1. Coñece as propiedades dos puntos da mediatriz dun segmento e da bisectriz dun ángulo, e utilízalas para resolver problemas xeométricos sinxelos.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x			x		
			B3.1.2	CMCCT	MACB3.1.2. Manexa as relacións entre ángulos definidos por rectas que se cortan ou por paralelas cortadas por unha secante, e resolve problemas xeométricos sinxelos.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x			x		
			B3.1.3	CMCCT	MACB3.1.3. Identifica e describe os elementos e as propiedades das figuras planas, os poliedros e os corpos de revolución principais.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x					
9	B3.3 B3.4	B3.2	B3.2.1	CMCCT	MACB3.2.1. Calcula o perímetro e a área de polígonos e de figuras circulares en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas.	90%	10%	90%				5%		5%	x						
			B3.2.2	CMCCT	MACB3.2.2. Divide un segmento en partes proporcionais a outros dados, e establece relacións de proporcionalidade entre os elementos homólogos de dous polígonos semellantes.	90%	10%	90%				5%		5%	x						
10	B3.3 B3.4	B3.2	B3.2.3	CMCCT	MACB3.2.3. Recoñece triángulos semellantes e, en situacións de semellanza, utiliza o teorema de Tales para o cálculo indirecto de lonxitudes en contextos diversos.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x	x				
			B3.3.1	CMCCT	MACB3.3.1. Calcula dimensións reais de medidas de lonxitudes e de superficies en situacións de semellanza: planos, mapas, fotos aéreas, etc.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x	x				
			B3.4.1	CMCCT CCEC	MACB3.4.1. Identifica os elementos máis característicos dos movementos no plano presentes na natureza, en deseños cotiáns ou en obras de arte.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x					
			B3.4.2	CMCCT CCEC	MACB3.4.2. Xera creacións propias mediante a composición de movementos, empregando ferramentas tecnolóxicas cando sexa necesario.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x		x	x		
10	B3.2 B3.7	B3.5	B3.5.2	CMCCT CCEC	MACB3.5.2. Identifica centros, eixes e planos de simetría en figuras planas, en poliedros, na natureza, na arte e nas construcións humanas.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x	x				
			B3.2.4	CMCCT	MACB3.3.1. Calcula áreas e volumes de poliedros, cilindros, conos e esferas, e aplícalos para resolver problemas contextualizados.	90%	60%	90%				5%		5%	x	x					
			B3.4.2	CMCCT CCEC	MACB3.4.2. Xera creacións propias mediante a composición de movementos, empregando ferramentas tecnolóxicas cando sexa necesario.	90%	5%	90%				5%		5%	x	x		x	x		
			B3.5.1	CMCCT	MACB3.5.1. Identifica os principais poliedros e corpos de revolución, utilizando a linguaxe con propiedade para referirse aos elementos principais.	90%	20%	90%				5%		5%	x	x					
			B3.5.2	CMCCT CCEC	MACB3.5.2. Identifica centros, eixes e planos de simetría en figuras planas, en poliedros, na natureza, na arte e nas construcións humanas.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x	x				
10	B3.2 B3.8 B3.9	B3.6	B3.6.1	CMCCT	MACB3.6.1. Sitúa sobre o globo terráqueo o Ecuador, os polos, os meridianos e os paralelos, e é capaz de situar un punto sobre o globo terráqueo coñecendo a súa latitude e a súa lonxitude.	90%	5%	90%				5%		5%	x	x	x				

13	B5.1 B5.2 B5.3 B5.4	B5.1	B5.1.1	CMCCT	MACB5.1.1. Distingue poboación e a mostra, e xustifica as diferenzas en problemas contextualizados.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x					
			B5.1..2	CMCCT	MACB5.1.2. Valora a representatividade dunha mostra a través do procedemento de selección, en casos sinxelos.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x					
			B5.1.3	CMCCT	MACB5.1.3. Distingue entre variable cualitativa, cuantitativa discreta e cuantitativa continua, e pon exemplos.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x					
			B5.1.4	CMCCT	MACB5.1.4. Elabora táboas de frecuencias, relaciona os tipos de frecuencias e obtén información da táboa elaborada.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x					
			B5.1.5	CSC	MACB5.1.5 Constrúe, coa axuda de ferramentas tecnolóxicas, en caso necesario, gráficos estatísticos adecuados a distintas situacións relacionadas con variables asociadas a problemas sociais, económicos e da vida cotiá.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x	x	x			x
	B5.5 B5.6 B5.7 B5.8	B5.2	B5.2.1	CMCCT	MACB5.2.1. Calcula e interpreta as medidas de posición (media, moda, mediana e cuartís) dunha variable estatística para proporcionar un resumo dos datos.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x					
			B5.2.2	CMCCT	MACB5.2.2. Calcula e interpreta os parámetros de dispersión (rango, percorrido intercuartílico e desviación típica) dunha variable estatística, utilizando a calculadora e a folla de cálculo, para comparar a representatividade da media e describir os datos.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x					
	B5.9 B5.10	B5.3	B5.3.1	CCL	MACB5.3.1. Utiliza un vocabulario axeitado para describir, analizar e interpretar información estatística dos medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x					
			B5.3.2	CD	MACB5.3.2. Emprega a calculadora e medios tecnolóxicos para organizar os datos, xerar gráficos estatísticos e calcular parámetros de tendencia central e dispersión.	90%	10%	90%				5%		5%	x	x	x	x			
			B5.3.3	CD	MACB5.3.3. Emprega medios tecnolóxicos para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada	90%	10%	90%				5%		5%	x	x		x			
	14	B5.11 B5.12 B5.13	B5.4	B5.4.1	CMCCT	MACB5.4.1. Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas.	50%	25%	90%				5%		5%	x	x				
				B5.4.2	CMCCT CCL	MACB5.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar.	50%	25%	90%				5%		5%	x	x				
				B5.4.3	CMCCT	MACB5.4.3. Asigna probabilidades a sucesos en experimentos aleatorios sinxelos cuxos resultados son equiprobables, mediante a regra de Laplace, enumerando os sucesos elementais, táboas ou árbores, ou outras estratexias persoais.	50%	40%	90%				5%		5%	x	x				
B5.4.4				CSIEE	MACB5.4.4. Toma a decisión correcta tendo en conta as probabilidades das distintas opcións en situacións de incerteza.	50%	10%	90%				5%		5%	x	x			x		

Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaje	Grao mínimo consecución	Peso na cualificación**	Instrumentos					Temas transversais												
								Pr.oral	Pr.escr	Tr.ind	Tr.grupo	Caderno	Rúbrica (2)	Observación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV				
PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	B1.1	B1.1	MACB1.1.1	CCL/CMCCT	Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.		10%					5%		5%		X									
	B1.2	B1.2	MACB1.2.1	CMCCT	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).								5%		5%	X									
	B1.3		MACB1.2.2	CAA/CMCCT	Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.									5%		5%					X				
	B1.4	B1.3	MACB1.3.2	CMCCT	Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade.								5%		5%										
	B1.3	B1.4	MACB1.4.1	CAA/CMCCT	Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución, e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.								5%		5%						X				
	B1.5	B1.6	MACB1.6.2	CMCCT/CSIEE	Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, e os coñecementos matemáticos necesarios.									5%		5%									
			MACB1.6.4	CMCCT	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.										5%		5%	X							
		B1.8	MACB1.8.1	CSIEE/CMCCT/CSC	Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).										5%		5%					X	X		
			MACB1.8.2	CMCCT	Formúlase a resolución de problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.										5%		5%					X			
			MACB1.8.4	CMCCT/CAA/CCEC	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.										5%		5%					X			
	MACB1.8.5	CSC/CSIEE	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.										5%		5%							X			
	B1.6	B1.9	MACB1.9.1	CMCCT/CSIEE	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.									5%		5%						X			
		B1.10	MACB1.10.1	CAA	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.									5%		5%						X			
	B1.7	B1.11	MACB1.11.1	CMCCT	Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilizaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.									5%		5%						X			
			MACB1.11.4	CMCCT	Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.									5%		5%						X			
			MACB1.11.5	CMCCT	Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estadísticas, extraer informacións e elaborar conclusións.									5%		5%						X			
		B1.12	MACB1.12.1	CCL/CD	Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.										5%		5%				X	X			
			MACB1.12.2	CCL	Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.									5%		5%							X		
			MACB1.12.4	CD/CSC/CSIEE	Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ficheiros e tarefas.									5%		5%						X			

LEENDA COMPETENCIAS

CCL Comunicación lingüística
CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD Competencia dixital
CAA Competencia aprender a aprender
CSC Competencias sociais e cívicas
CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC Conciencia e expresións culturais

LEENDA TRANSVERSAIS

CL Comprensión lectora
EOE Expresión oral e escrita
CA Comunicación audiovisual
TIC Tecnoloxías da información e comunicación
EMP Emprendemento
EC Educación cívica
PV Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar “indicadores de logro” máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,...

Todas as porcentaxes que figuran como pesos de cualificación nos distintos instrumentos de avaliación son orientativas. O profesorado deberá seguir estas porcentaxes a modo orientativo, pero en ningún caso son porcentaxes pechadas. A resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29 de xullo) non establece que nas programacións didácticas se deba establecer o peso na culificación que terá cada estándar de aprendizaxe, polo que as que aquí figuran son só a título orientativo.

5.- Metodoloxía

1.- Estratexias metodolóxicas

1. Aspectos xerais

Posibles aspectos:

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxías activas:
 - Combinar traballo individual e cooperativo
 - Aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador do profesor/a
- O peso cualificativo será orientativo e dependerá das características e necesidades do alumnado

2. Estratexias metodolóxicas

Posibles estratexias:

- Memorización comprensiva
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa,...
- Elaboración de sínteses
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos
- Comentarios de textos, gráficos, mapas
- Resolución de problemas
- Estudo de casos (proxectos)
- Simulacións

3. Secuenciación habitual de traballo na aula

Posible secuencia:

Motivación:

- Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de textos
- Análise de documentos, pequenas investigación, etc.
- Resposta a preguntas
- Resolución de problemas
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficos, sínteses, mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, (Rúbricas)
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

2.- Outras decisión metodolóxicas

1.- Agrupamentos específicos

É unha medida que ten como obxectivo axudar a superar as matemáticas de 3º de ESO a un grupo de alumnos/as con menor ritmo de aprendizaxe que teñen dificultades para acadar os obxectivos mínimos. É fundamental adaptar os contidos e a metodoloxía o alumnado co que se vai a traballar, o enfoque metodolóxico deberá ser en base a proxectos de traballo nos que prime o carácter práctico dos contidos. Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.

2.- CONTIDOS: Son os correspondentes ó grupo ordinario

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN:

O alumnado destes agrupamentos necesita un cambio metodolóxico substancial, polo que o enfoque metodolóxico deberá ser en base a proxectos de traballo nos que prime o carácter práctico dos contidos.

Para a elaboración dos criterios de avaliación do alumnado que reciba esta medida de apoio ás aprendizaxes básicas teranse en conta os criterios establecidos con carácter xeral para o grupo de referencia relacionados cos contidos mínimos anteriormente expostos.

Por último, entendemos que a metodoloxía, contidos e actividades debe adaptarse ós alumnos/as concretos cos que se vai a traballar

3. Tempos

Agrupamento flexible con 5 alumnos a principio de curso (é probable que se incorpore algún máis). A maioría deles estaban propostos para PEMAR ou matriculáronse en Matemáticas Aplicadas. Dado que non se puido ofertar ningunha das dúas opción por falta de alumnado suficiente, considerouse necesario facer un grupo reducido con este alumnado nas materias instrumentais, entre as que está Matemáticas.

3. Espazos

Duas aulas separadas do grupo de referencia.

4. Materiais

Libro de texto, material entregado polo profesor, ordenador, calculadora. etc.

5. Recursos didácticos

Libro de texto: Matemáticas Enseñanzas académicas. Serie Resuelve.
Editorial Santillana

1. Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará?

A ser posible realizarase na primeira semana do curso.

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?)

Consistirá nunha proba escrita con varios exercicios de niveles dos cursos anteriores.

Cales serán as consecuencias dos resultados?

As consecuencias serán:

A avaliación inicial dos alumnos/as inclúe un diagnóstico do punto de partida en coñecementos, hábitos e procedementos de traballo, así como das actitudes que amosan. Isto permite comprobar se os alumnos/as están en disposición de aprender o programado, ou reformular, no seu caso, os obxectivos, adaptar os contidos e adaptar o ritmo da aula os niveles dos alumnos.

3.- Procedemento avaliación continua

Con que temporalización se farán probas escritas(cada tema, dous, tres, cántas por trimestre ou avaliación, etc.?)

Faranse probas escritas ca seguinte frecuencia:

En 3º ESO cada tema ou dous temas.

E sempre se fará un exame de recuperación por avaliación. Unhas veces antes da entrega das notas e outras a volta das vacacións.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación.

Ponderación, redondeo, ...

Os exames califícanse da seguinte maneira:

As probas escritas levan no exame a puntuación de cada apartado.

Por último facer constar que os distintos exames que se fagan ó longo do curso serán ensinados os alumnos despois de ser corrixidos e informarse da valoración realizada e criterios de avaliación aplicados.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

Para cada avaliación farase un exame ou varios e posteriormente a media entre os distintos exames con redondeo. Se a media fose inferior a 5 o alumno deberá repetir as partes que o profesor considere oportunas. Asemade na(s) parte(s) en que a cualificación fose inferior a 3, será a xuízo de cada profesor a repetición obrigatoria ou non de esa(s) parte(s) (s). A recuperación da avaliación podería ser antes da entrega de notas se a situación o permitise

As notas dos exames de recuperación substitúen as notas suspensas, para obter a nota definitiva, que entrará no cálculo da nota da avaliación.

Para obter a nota da avaliación, as cualificacións obtidas serán ponderadas segundo a súa importancia relativa dentro do seguinte baremo:

❖ **Probas obxectivas: 90%**

❖ **Actividades, actitude e participación: 10%**

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

- Actitude.
- Participación.
- Traballo.

Como se recupera unha avaliación non superada?

No mes de xuño farase unha recuperación das avaliacións non superadas o longo do curso

Nota: O profesor que teña evidencias de que un alumno está copiando, farao constar no propio exame do alumno e calificarao como un cero.

4.- Procedemento avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

Todos os alumnos que non superasen algunha avaliación, deberan repetir a avaliación ou as avaliacións suspensas.

En que consistirá a proba ?

Nun exame dividido en tres partes, (unha por avaliación), cada alumno repetirá as partes que teña suspensas.

Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentes, todos, ...

Cada alumno os das avaliacións pendentes de aprobar.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

O final de curso cada alumno terá tres notas unha de cada avaliación. Temos que ter en conta que as notas da recuperación final de Xuño substitúen a nota que en principio tiña o alumno en cada avaliación. A nota da avaliación final será a media das tres notas anteriores aplicando redondeo matemático. O alumno estará aprobado si dita media é igual ou superior a cinco

Que criterios segue o centro para a promoción?

Estes criterios márcanse por medio dos órganos competentes do centro, CCP, CLAUSTRO.

5.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

O exame de setembro será único para cada curso e será confeccionado polos distintos profesores no mes de Xuño. Cada proba terá varias preguntas e cada unha delas levará indicada a puntuación correspondente.

Como se cualifica, redondeos, etc?

A nota final será a nota do exame de Setembro aplicando redondeo matemático. O alumno estará aprobado si dita nota é igual ou superior a cinco

6.- Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

Esta recuperación levarase a cabo mediante a realización de tres probas (unha por trimestre). Para a realización de ditas probas dividimos os contidos en tres partes de acordo coa materia impartida o curso anterior. Asemade a final de curso procederase a unha recuperación das partes non superadas para aqueles alumnos que o precisasen.

Como orientación para a preparación das probas, entregámoslle ós alumnos boletíns de cuestións teórico-prácticas (para valorar os contidos conceptuais), e exercicios e problemas (para valorar os contidos conceptuais e procedementais), que deberán resolver con anterioridade a ditas probas, coordinados polo profesor encargado de cada alumno que se encargará de resolverlles todas as dúbidas que teñan. O profesor valorará o traballo desenvolvido polo alumno outorgándolle ata un punto en cada avaliación.

As probas escritas versarán sobre cuestións, conceptos fundamentais, exercicios e problemas do mesmo tipo que os dos boletíns nas que se tratará de avaliar se o alumno é capaz de acadar os obxectivos mínimos.

Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

A nota do exame de avaliación mais o punto, (ou menos do punto) que lle dará o profesor correspondente pola resolución do boletín de exercicios, dará un número que con redondeado matemático será a nota correspondente da avaliación.

Todos os alumnos que non superasen algunha avaliación, deberán repetir a parte ou as partes suspensas no mes de Maio.

Os traballos entregados fora de prazo non se recollerán.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

O final de curso cada alumno terá tres notas unha de cada avaliación. Temos que ter en conta que as notas da recuperación final de Maio substitúen a nota que en principio tiña o alumno en cada avaliación.

A nota da avaliación final será a media das tres notas anteriores aplicando redondeo matemático.

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

O exame de setembro será confeccionado polos distintos profesores do departamento no mes de Xuño. Cada proba terá varias preguntas e cada unha delas levará indicada a puntuación correspondente.

Como se cualifica, redondeos, etc?

A nota final será a nota do exame de Setembro aplicando redondeo matemático.

Observacions:

1.-Para aprobar a materia dun curso é necesario ter aprobada a materia dos cursos anteriores

7. Outras avaliacións

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

8.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará
Anualmente a final do curso.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

Reorganízanse os apartados da programación para o seguinte curso.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
<p>1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? Non</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc. b) Espazos diferenciados? c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos? Non</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? Non</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Non</p> <p>5. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Non</p> <p>6. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? Propóñenselle exercicios da materia para facer</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? Non</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Non</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO? Non</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (3º ESO)? Non</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Non</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p>

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	Medias extraordinarias
Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL? Ningún</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? Non</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? Non</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc</p> <p>6. Os membros o departamento están sempre pendentes daqueles alumnos que necesiten unha atención especial, durante o horario de lecer ou outro que teña o alumno dispoñible.</p>

10. Actividades complementarias e extraescolares

Procurarase establecer actividades complementarias e extraescolares relacionadas coas matemáticas.
Procurarase dentro do proxecto lector recomendar a lectura de algún libro relacionado coas matemáticas.

11. Datos departamento

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Matemáticas	1º ESO/ 2º ESO	1ºESO A / 1º ESO C /2º ESO A / 2º ESO C	Alfredo Couto Gómez
Matemáticas	1º ESO/ 2º ESO	1ºESO B / 1º ESO D / 2º ESO B / 2º ESO D	M ^a José Begoña Álvarez Paredes
Matemáticas	3º ESO/ 4º ESO / 1º BAC	MAT APL I / MAT IA/ 3º ESO AB / 4º ESO B / 4º ESO C	Beatriz Paderne Cebey
Matemáticas	3º ESO/ 4º ESO / 1º BAC /2º BAC	MAT APL II / MAT IB / 4º ESO AB / 3º ESO B / 3º ESO C	Manuel Vilariño Freire
Matemáticas	2º ESO / 3º ESO/ 4º ESO	2º ESO AB (AGRUPAM) / 2º ESO CD (AGRUPAM) / 3º ESO A / 4º ESO A	Belén García Díaz
Matemáticas	1º ESO/ 2º BAC	1º ESO AB (AGRUPAM) / 1º ESO CD (AGRUPAM) / MAT II / MET EST E NUM.	Jesús Álvarez Arias

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2018-2019

Materias:

- **MATEMÁTICAS 4º ESO/Académicas**
(LOMCE)

Membros do Departamento:

- Alfredo Couto Gómez
- M^aJosé Begoña Álvarez Paredes
- Beatriz Paderne Cebey
- Manuel Vilariño Freire
- Belén García Díaz
- Jesús Álvarez Arias

INDICE		
1	Conceptos clave da programación	3
2	Contexto	4
	Características do centro e do alumnado.	
	Obxectivos adaptados ao contexto	
3	Secuenciación e temporalización dos contidos 4º ESO/académicas	6
	Secuenciar e temporalizar os contidos por unidades e /ou proxectos	
4	4ºESO/académicas Relacionar para cada unidade:	9
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares	
	Establecer para cada estándar:	
	Grao mínimo de consecución, Peso na cualificación, Instrumentos de avaliación, Temas transversais	
5	Metodoloxía didáctica:	14
	Estratexias metodolóxicas	
	Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos	
6	Avaliación	16
	Avaliación inicial	
	Procedemento para a avaliación inicial	
	Criterios para a acreditación de coñecementos previos, no seu caso. (Bacharelato)	
	Avaliación continua	
	Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar	
	Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc.	
	Elaboración da nota media	
	Recuperación dunha proba ou exame	
	Recuperación dunha avaliación	
	Avaliación final (ESO- BACH)	
	Quen debe ir á avaliación final?	
	En que consistirá a proba?	
	Que estándares sa van a avaliar?: os das avaliacións pendentes, todos, ...	
	Como se elabora a cualificación final?: Ponderación, redondeos, etc?	
	Que criterios segue o centro para a promoción?	
	Avaliación extraordinaria (ESO- BACH)	
	Procedementos para a avaliación extraordinaria: características da proba escrita	
	Materias pendentes de cursos anteriores	
	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes: Traballo, probas, etc.	
	Criterios de cualificación: valoración de traballos, probas escritas, outras.	
7	Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	19
	Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino	
	Indicadores de logro da práctica docente	
8	Avaliación da programación didáctica	20
	Indicadores de logro sobre a programación didáctica	
9	Atención á diversidade	21
	Medidas ordinarias: Organizativas	
	Medidas ordinarias: Curriculares	
	Medidas extraordinarias: Organizativas	
	Medidas extraordinarias: Curriculares	
10	Actividades complementarias e extraescolares	23
	Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.	
11	Datos do departamento	23

	1.- CONCEPTOS CLAVE (Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)
Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliábeis. Poden concretarse a través dos indicadores de logro
Criterios de cualificación	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. (O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superara a materia (Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. (Galicia non os menciona)
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o "o valor" que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avaliálo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . "Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente" (Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a
OUTROS ASPECTOS	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015)
Avaliación das competencias	"A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Artº 7º, 3 da Orde ECD 65/2015)
Nivel de desempeño das competencias.	... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1 : B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque
Identificación de estándares	Exemplo: MAT B1.1 .2 MAT: Abreviatura da área: Matemáticas B1: Bloque de contidos do que xorde o estándar 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

2.- Contexto

1.- Contexto do centro

* Características do centro:

Situación

R/ Orquídea, 45
27004-Lugo

Centros adscritos

CEIP de Casás
CEIP Menéndez Pelayo

Ensinanzas que oferta o centro

ESO / Bacharelato

Características singulares

O centro está situado nunha zona periférica da cidade, de contorna socioeconómica media-baixa con abundancia de vivendas sociais.

* Características do alumnado:

Lingua materna dominante

Castelán e galego.

Alumnado con NEAE no curso actual

Non hai nesta materia.

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

Casos illados de alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos.

Outras características

Poboación de etnia xitana: unha altísima porcentaxe non adoita rematar a ESO.

Poboación inmigrante: número non relevante de alumnos/as, en xeral ben integrados.

2.- Obxectivos da ESO (adaptados ao contexto do centro e do alumnado):

1	a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2	b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3	c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4	d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5	e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
6	f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7	g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8	h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9	i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10	l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
11	m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
12	n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
13	ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
14	o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos 4º ESO matemáticas orientadas as ensinanzas académicas

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.		B1B/2	BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA				
	1	B2.1	Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais.	1	Setem. Out Nov Dec	x	
		B2.2	Representación de números na recta real. Intervalos.				
		B2.3	Interpretación e utilización dos números reais, as operacións e propiedades características en diferentes contextos, elixindo a notación e precisión máis axeitadas en cada caso.				
		B2.7	Cálculo con porcentaxes. Interese simple e composto.				
		B2.6	Xerarquía de operacións.				
	2	B2.3	Interpretación e utilización dos números reais, as operacións e propiedades características en diferentes contextos, elixindo a notación e precisión máis axeitadas en cada caso.	2	Setem. Out Nov Dec	x	
		B2.4	Potencias de expoñente enteiro ou fraccionario e radicais sinxelos. Relación entre potencias e radicais.				
		B2.5	Operacións e propiedades das potencias e dos radicais.				
		B2.6	Xerarquía de operacións.				
	3	B2.8	Logaritmos. Definición e propiedades.	3	Setem. Out Nov Dec	x	
		B2.9	Manipulación de expresións alxébricas. Utilización de igualdades notables.				
		B2.10	Polinomios. Raíces e factorización.				
	4/5	B2.12	Fraccións alxébricas. Simplificación e operacións.	4/5	Setem. Out Nov Dec	x	
		B2.11	Ecuacións de grao superior a dous.				
B2.13		Resolución de problemas cotiáns y doutras áreas de coñecemento mediante ecuacións e sistemas.					
B2.14		Inecuacións de primeiro e segundo grao. Interpretación gráfica. Resolución de problemas.					

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto / Unid.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.		B2/3	BLOQUE 3: Xeometría.				
	6	B3.3	Aplicación dos coñecementos xeométricos á resolución de problemas métricos no mundo físico: medida de lonxitudes, áreas e volumes.	6	Xan/ Feb/ Mar	x	
		B3.5	Aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.				
		B3.1	Medidas de ángulos no sistema sexagesimal e en radiáns.				
	7	B3.2	Razóns trigonométricas. Relacións entre elas. Relacións métricas nos triángulos.	7	Xan/ Feb/ Mar	x	
		B3.3	Aplicación dos coñecementos xeométricos á resolución de problemas métricos no mundo físico: medida de lonxitudes, áreas e volumes.				
		B3.5	Aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.				
		B3.4	Iniciación á xeometría analítica no plano: Coordenadas. Vectores. Ecuacións da recta. Paralelismo, perpendicularidade.				
	8	B3.5	Aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.	8	Xan/ Feb/ Mar	x	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
		B4	BLOQUE 4: FUNCIONES				
3ª Avaliac.	9/10/ 11	B4.1	Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, táboa, gráfica ou expresión analítica. Análise de resultados.	9/10 / 11	Abr / mai	x	
		B4.2	Funcións elementais: lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica e definidas en anacos. Características e parámetros				
		B4.3	A taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.				
		B4.4	Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.				
		B5	BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE				
	13 / 14	B5.1	Introdución á combinatoria: combinacións, variacións e permutacións.	13/14	x		
		B5.2	Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace e outras técnicas de reconto.				
		B5.3	Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes.				
		B5.4	Experiencias aleatorias compostas. Utilización de táboas de continxencia e diagramas de árbore para a asignación de probabilidades.				
		B5.5	Probabilidade condicionada.				
		B5.6	Utilización do vocabulario adecuado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar e a estatística.				
	12	B5.6	Utilización do vocabulario adecuado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar e a estatística.	12	x		
		B5.7	Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico.				
B5.8		Gráficas estatísticas: Distintos tipos de gráficas. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE...). Detección de falacias.					
B5.9		Medidas de centralización e dispersión: interpretación, análise e utilización.					
B5.10		Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.					
B5.11		Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación.					
B5.12		Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.					
				Xuño			

Tal e como establece o propio currículo desta materia no Decreto 86/2015, o bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" debe desenvolverse de xeito transversal e simultaneamente ao resto de bloques, constituíndo o fío condutor da materia e articulase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático; polo que, ben en parte ou ben ao completo, os seus contidos están presentes en todos os temas dos demais bloques, polo que en si mesmos non constitúen ningunha unidade didáctica.

Bloque	CONTIDO
B1	PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS
B1.1	Planificación do proceso de resolución de problemas
B1.2	Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolver subproblemas, reconto exhaustivo, empezar por casos particulares sinxelos, buscar regularidades e leis, etc.
B1.3	Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.
B1.4	Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.
B1.5	Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.
B1.6	Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.
